



## **SESIÓN PLENARIA ORDINARIA CONVOCATORIA**

Convócase a Vde. á Sesión plenaria que se celebrará no Salón de Sesiões da Casa do Concello, o día 28 de outubro de 2021, ás 17,00 horas, e que será gravada (imaxe e son) polo sistema de videoactas ao que poderá acceder a través da <https://sede.vilagarcia.gal/>.

A partir desta data ten Vde., á súa disposición, nas dependencias municipais, os antecedentes relacionados cos asuntos que figuran na Orde do Día. A orde do día tamén consta no apartado de transparencia existente na <https://sede.vilagarcia.gal/>.

### **ORDE DO DÍA**

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior de data 30 de setembro de 2021.
2. Toma de coñecemento dos Decretos da Alcaldía emitidos no mes setembro de 2021.
3. Toma de coñecemento do informe de morosidade correspondente ao 3º trimestre/2021 do Concello e da Fundación de Deportes.
4. Toma de coñecemento das subvencións concedidas pola Deputación Provincial ao abeiro do Plan Provincial de Obras e Servizos (Plan Concellos 2021).
5. Toma de coñecemento da solicitude de participación cidadá presentada por parte de asociacións ou entidades en relación con un punto da orde do día que lle afecte directamente e posterior intervención a través dun único representante das mesmas.
6. Aprobación, se procede, do expediente de recoñecemento extraxudicial de crédito (04/REC/2021).
7. Aprobación, se procede, do expediente de contratación que rexerá o procedemento aberto suxeito a regulación armonizada e tramitación ordinaria e mediante licitación electrónica, para adxudicar o contrato de servizos denominado “contenerización, recollida e transporte de residuos, xestión do punto limpo e limpeza viaria de Vilagarcía de Arousa”.
8. Aprobación, se procede, do Convenio entre a Secretaría de Estado de Facenda (Dirección Xeral do Catastro) e o Concello de Vilagarcía de Arousa, de colaboración en materia de xestión catastral.
9. Aprobación provisional, se procede, da Modificación da Ordenanza Fiscal reguladora da Taxa polo subministro de auga potable a domicilio.
10. Aprobación provisional, se procede, da Modificación da Ordenanza Fiscal reguladora da taxa por depuración de augas residuais.
11. Aprobación provisional, se procede, da Modificación da Ordenanza Fiscal reguladora do Imposto sobre Bens Inmóveis (IBI).
12. Aprobación provisional, se procede, da Modificación da Ordenanza Fiscal reguladora do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras.
13. Exame das alegacións presentadas, e aprobación definitiva, se procede, das Bases Reguladoras de Axudas Municipais de Inclusión Social.
14. Aprobación, se procede, da moción presentada polo grupo político municipal de Podemos-Marea da Vila para a posta en marcha dos Orzamentos Participativos no presente mandato.
15. Aprobación, se procede, da moción presentada polo grupo político municipal de Podemos-Marea da Vila en defensa e apoio ás reivindicacións feitas pola plataforma SOS Sanidade Pública de Galicia
16. Aprobación, se procede, da moción presentada polo grupo político municipal de Vilagarcía en Común de mellora de transparencia sobre os datos do Goberno Local.



17. Aprobación, se procede, da moción presentada polo grupo político municipal de Vilagarcía en Común para a rehabilitación do peche perimetral do Parque da Compostela.
18. Aprobación, se procede, da moción presentada polo grupo político municipal do PP para instar ao Goberno de España a que retome o Proxecto de Rehabilitación do Paseo Marítimo da Praia de Compostela.
19. Aprobación, se procede, da moción presentada polo grupo político municipal do PP para instar ao goberno local a que garanta o mantemento óptimo do campo de fútbol municipal de A Lomba.
20. Interpelación presentada polo voceiro do grupo político municipal de Vilagarcía en Común sobre a situación do Campo Municipal de Fútbol A Lomba.
21. Mocións presentadas polos grupos políticos municipais por razóns de urxencia.
22. Rogos e preguntas formuladas polos membros da Corporación Municipal.
23. Quenda de rogos e preguntas entre as persoas que asisten como público á sesión.

Vilagarcía de Arousa, 25 de outubro de 2021.

O ALCALDE-PRESIDENTE,

A SECRETARIA XERAL,

Alberto Varela Paz

Rosa Losada Suárez

Sinatura dixitalizada

Sinatura dixitalizada